

PRESENTACIÓN PARA O DÍA DA BIBLIOTECA (24/10/2023)

Desde moi alá na antigüidade sabemos do poder da sombra e dos temores que provoca esa falta de luz. Tamén desde hai moito tempo, sabemos dos temores que provoca na sombra quen exerce o dominio da luz.

Nós, que vivimos nunha terra de faros, sabemos da verdade e da vida que estes proxectan para protexernos da escuridade, da traxedia, da ignorancia. Por iso aínda hoxe brindamos por faros como o do cabo Vilán e levamos ao aire palabras de agarimo para quen exerceu ou exerce o oficio de fareiro ou fareira.

Cada biblioteca que existe tamén é un terra de faros, un país de verdade e de vida que nos protexe da escuridade, da traxedia e da ignorancia. Por iso brindamos tamén hoxe por cada libro que hai en andeis como os que aquí nos abrazan baixo o calor secular das palabras. E tamén hoxe burbullamos no son de linguas diversas o cariño que merece quen constrúe faros coas palabras, metamorfoseadas en libros.

Aí onde vedes un libro hai sempre un faro. Recorremos, pois, a esta métrica clásica para celebrar a vida entre as balas das guerras e os odios que ensombrecen os nosos días.

Que a escultura á que lle damos agora especial enerxía alumee coa intensidade que merecen as persoas que nos alimentamos de palabras. Viva a vida que hai nos faros!